



**CONSORCIO DE
SANTIAGO**

Newsletter

Outubro 2020



PATRIMONIO |

O Consorcio promove encontros e paseos guiados polo 35º aniversario da declaración da cidade como Patrimonio da Humanidade

A cidade de Santiago conmemora este ano o 35º aniversario da súa declaración como Patrimonio da Humanidade por parte da Unesco. Para celebrar esta efeméride, o Consorcio está a promover, entre outras actividades, unha serie de encontros e paseos guiados, dirixidos á ciudadanía. Esta iniciativa enmárcase no proxecto europeo "AtlaS-WH", do que forma parte o Consorcio, centrado na xestión sostible das Cidades Patrimonio da Humanidade incluídas na ÁREA ATLÁNTICA.

Son un total de catro encontros patrimoniais, nos centros socioculturais de Conxo, Fontiñas, Vite e o Ensanche -este último retransmitirse tamén en directo por streaming-. Para participar nos mesmos cómpre reservar praza a través de 35aniversario@consorciodesantiago.org. Para os paseos xa están todas as prazas cubertas.

EXPOSICIÓN |

Na Casa do Cabido poden contemplarse 55 fotografías da cidade realizadas polo colectivo Fotoforum

A Casa do Cabido acolle a exposición "Vínculos de Compostela", unha mostra colectiva da Asociación Cultural Fotoforum Compostela. As instantáneas, un total de 55, amosan os vínculos e emocións dos autores con 53 lugares emblemáticos da cidade. Pode visitarse de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas, e os domingos de 11:00 a 14:00 horas, pechando os luns.




MÚSICA |

"Orfeo e Eurídice" con Amigos da Ópera de Santiago

A Real Filharmonía de Galicia comeza novembro con "Orfeo e Eurídice" de Gluck, unha coprodución con Amigos da Ópera de Santiago. Será no Auditorio de Galicia o día 5, dirixido por Paul Daniel e coas voces da mezzosoprano Olga Snyiakova e as sopranos Alicia Amo e Beatriz de Sousa, xunto ás do Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia vía vídeo.

O 12 en Santiago e o 13 en Ferrol porase á fronte da orquestra a directora Marzena Diakun e tocarán como solistas o concertino da RFG, James Dahlgren, e o frautista principal, Laurent Blaiteau. O 19 celebrarase o concerto de Cineuropa co film e a banda sonora de "The kid" de Charles Chaplin, xunto ao mestre Timothy Brock. O 26 en Santiago e o 28 en Vigo regresará Paul Daniel e o violinista Matthieu Arama; será a estrea dunha obra do compositor galego Aaron Siebert-Castiñeira por encargo da RFG.



A mezzosoprano Olga Snyiakova será Orfeo



Curso de corda para nenos e clases maxistrais na EAEM

A Escola de Altos Estudos Musicais pon en marcha unha nova edición do curso de corda para nenos de 5 a 14 anos. Ofrécese 12 prazas para violín, 4 para violoncello, 2 para viola e 2 para contrabaixo. O 16 de novembro remata o prazo para presentar as solicitudes a través da web www.eaem.es.

En novembro e decembro celebraranse clases maxistrais co trompetista Luis González, o violoncellista Ángel Luis Quintana, o viola Yuval Gotlibovich, o clarinetista Hermann Stefánsson e a frautista Mercedes Schmidt; para o que cómpre inscribirse na web da Escola.